



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Violonchelo

curso 2021/2022



Profesoras:

M^a Jesús Hervás Brull

Noia Suarez Ogando





Índice

1.	Introdución.....	3
1.	Metodoloxía.....	6
2.	Atención á diversidade.....	9
3.	Temas transversais.....	10
	3.1 Educación en valores.....	11
	3.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	11
4.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	12
5.	Secuenciación do curso.....	13
	5.1 Curso: 1º curso de grao elemental.....	13
	5.2 Curso: 2º curso de grao elemental.....	24
	5.3 Curso: 3º curso de grao elemental.....	34
	5.4 Curso: 4º curso de grao elemental.....	44
	5.5 Curso: 1º curso de grao profesional.....	55
	5.6 Curso: 2º curso de grao profesional.....	67
	5.7 Curso: 3º curso de grao profesional.....	79
	5.8 Curso: 4º curso de grao profesional.....	89
	5.9 Curso: 5º curso de grao profesional.....	99
	5.10 Curso: 6º curso de grao profesional.....	110
6.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	120
7.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	122
8.	ANEXOS.....	122
	8.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	122
	8.2 Probas de acceso a outros cursos.....	124
	1.2 Acceso ao curso 2º grao elemental.....	124
	1.3 Acceso ao curso 3º grao elemental.....	125
	1.4 Acceso ao curso 4º grao elemental.....	125
	8.3 Probas de acceso a outros cursos de GRAO PROFESIONAL.....	126
	1.6 Acceso ao curso 2º grao profesional.....	126
	1.7 Acceso ao curso 3º grao profesional.....	128
	1.8 Acceso ao curso 4º grao profesional.....	129
	1.9 Acceso ao curso 5º grao profesional.....	130
	1.10 Acceso ao curso 6º grao profesional.....	132
	8.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	133
	8.5 Sección bilingüe.....	134





1. Metodoloxía

Esta programación didáctica ten como principal finalidade a de adaptar e concretar os Obxectivos Xerais de Grao Elemental e Grao Profesional, así coma os específicos da área de Violonchelo, propostos pola administración aos diferentes cursos destas ensinanzas, tendo moi presentes, como non podería ser de outra maneira, as características propias do centro onde se levará á práctica, o Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, así coma do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Para elo, entre outras cousas, indícanse en cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais de unhas pautas en canto a súa secuenciación temporal orientadas a consecución dos obxectivos propostos, sempre cunha certa flexibilidade que permita a súa concreción e adaptación as particularidades e necesidades de cada un dos alumnos e alumnas da especialidade.

Outra das prioridades tidas en conta na creación desta programación, dada a idade do alumnado nestas ensinanzas, sobre todo no Grao Elemental (idades comprendidas entre os 8 e 14 anos), aínda que tamén no Grao Profesional, foi favorecer o desenvolvemento de certas capacidades susceptibles de unha maior evolución e mellora nestas etapas educativas, como son a creatividade, concentración, coordinación psicomotriz, capacidade auditiva, dominio da memoria, capacidade comunicativa e autocontrol e relaxación fronte a situacións de certo estrés, coma poden ser actuacións en público.

Do mesmo xeito preténdese promover en todo o proceso de ensino - aprendizaxe o fomento de certos valores, normas de conduta e actitudes que favorezan o desenvolvemento integral do alumno ou alumna como persoa.

- Marco Legal



Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

- Instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021.
- Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 29 de setembro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
- DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
- CIRCULAR 15/2011 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
- ORDE do 4 de agosto de 2011 pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.





- DECRETO 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
- ORDE do 28 de xullo de 2008, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
- ORDE do 8 de febreiro de 2008, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.
- DECRETO 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.
- CIRCULAR 9/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

▪ Características do centro

O Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela atópase situado ao norte da cidade e foi construído no ano 2004. É polo tanto un edificio de nova creación, arquitectonicamente moi vistoso, e con moita luz pero moi reducido para a demanda existente neste momento. Depende organicamente da Consellería de





Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e nel impártense as materias de grao elemental e profesional que están reguladas nos Decretos 198/2007 e 203/2007 polos que se establece a ordenación dos respectivos graos das ensinanzas de réxime especial de música.

As características da docencia nos derradeiros dous anos, isto é suspensión no curso 2019/2020 das clases presencias derivada do Estado de Alarma decretado polo Goberno de España para afrontar a situación de emerxencia sanitaria provocada polo Covid-19 xunto coas medidas de adaptación implementadas no curso 2020/2021, fixo que o desenvolvemento da docencia tivese lugar nun marco de flexibilidade respecto aos obxectivos e aos contidos previstos na programación didáctica. Adaptamos na programación do presente curso medidas que garantan a consecución dos obxectivos e contidos que a situación excepcional dos cursos 2019-2020 e 2020-2021 dificultaron.

▪ **Características do alumnado**

O conservatorio conta cunha media de 500 alumnos/as. Nel conviven alumnos de características socioculturais e socioeconómicas moi distintas, temos por un lado o alumnado maioritariamente da cidade e do contorno mais próximo con un nivel sociocultural e económico moi variado que buscan no conservatorio unha formación musical complementaria aos seus estudos xerais. Por outro lado temos alumnado dun contorno mais afastado, procedente de escolas de música de lugares como Arca, Valga, Silleda, Vedra, Teo, Rianxo, etc., con unhas inquedanzas distintas e moitas veces con un interese por completar os estudos profesionais e seguir cos estudos superiores de música, e nalgúns casos con un esforzo moito maior en canto a desprazamento. Aínda existe unha variable mais, Santiago de Compostela conta con un campus universitario que atrae alumnado procedente de outros conservatorios de Galicia que queren compatibilizar os seus estudos universitarios coa finalización dos estudos profesionais de música no Centro. Todo isto da lugar a unha grande



heteroxeneidade no alumnado en canto a dedicación, constancia no estudo, grao de implicación, etc.,

2. Metodoloxía

De forma xeral, aínda que empregaranse distintos estilos metodolóxicos, primarán os mais produtivos, como son a resolución de problemas por parte do alumno ou alumna ou o descubrimento guiado, nos que se busca unha maior implicación do alumnado no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Os estilos máis directos, coma a asignación de tarefas, tamén serán utilizados en función da área tratada, a natureza dos contidos, a dificultade dos mesmos e o grao de consecución dos obxectivos relacionados. Dado que esta materia impartirase semanalmente cunha duración dunha hora, farase vital un correcto aproveitamento temporal de cada unha das sesións. É por iso que intentarase inculcar puntualidade no alumnado, tendo en conta que nas ensinanzas musicais poden necesitar de certo tempo entre clase e clase para recoller o instrumento ou mesmo para transportalo de unha aula a outra. Procurarase, se fose necesario, que cada alumno e alumna tomase conciencia da importancia das tarefas recomendadas para a súa realización na casa, xa que faise imprescindible para a súa correcta evolución dentro das ensinanzas musicais. Do mesmo xeito, débese ter en conta que a vocación do alumno ou alumna pode, e de feito na maioría dos casos así é, non estar totalmente definida de cara aos estudos superiores de música. En calquera caso, procurarase en todo momento a motivación do alumnado, que deberá resultar nun maior rendemento do mesmo, e pode que reforce ao mesmo tempo a súa incipiente vocación.

Os principios metodolóxicos xerais da materia son:



Principios de **actividade e participación**: daremos ao alumnado un papel activo no seu aprendizaxe (investigación, descubrimento guiado, resolución de problemas...), o dos seus compañeiros (ensinanza mutua, traballo en grupos cooperativos...) e a avaliación dos mesmos (autoavaliación e coavaliación). Trataremos de facer partícipes da sesión a todo o alumnado en todo momento, para iso evitaremos as actividades eliminatorias e con largas esperas.

Principios de **motivación e autoestima**: no comezo e final das sesións procuraremos realizar una explicación ou reflexión de carácter motivador, que leve aos alumnos/as a una situación que facilite a súa maior implicación no proceso de ensino – aprendizaxe. Reforzaremos positivamente as actitudes e execucións correctas, orientaremos as que non o sexan mediante distintos mecanismos de *feedback* nas que poidan apreciar a súa mellora, desenvolvendo así a súa autoestima.

Principios de **aprendizaxes significativos**: de acordo ca concepción construtivista do aprendizaxe partiremos dos coñecementos previos sobre os contidos da materia (avaliación inicial) e as relacións entre eles e os de outras materias (interdisciplinares), téndoos en conta á hora de trazar un camiño (temporalización) e unhas estratexias apropiadas co fin de acadar os obxectivos previstos.

Principios de **globalización**: o tratamento dos contidos obxecto do aprendizaxe estrutúrase de forma interrelacionada dentro de cada curso (contidos abordados por bloques) e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral dos contidos, profundizando no seu desenvolvemento respecto aos cursos precedentes respectando así a evolución do alumno/a e o seu aprendizaxe).

Principios de **personalización e atención á diversidade**: para o deseño desta PD tívose en conta a heteroxeneidade de cada clase. Nesta mesma liña, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe (traballos por grupos de nivel, actividades de reforzo desenvolvidas





en paralelo á sesión tipo, actividades de ampliación, uso de estratexias analíticas...).

Principios de **interacción**: fomentarase a interacción positiva entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe: alumno – alumno (traballo en grupo, ensinanza mutua, coavaliación...), alumno – profesor (debate, descubrimento guiado, análise de resultados, reflexións, reforzos...) e procuraremos a implicación das familias no proceso educativo (acción titorial).

No caso de ensino a distancia ou semipresencial, a metodoloxía de traballo se desenvolverá a través das aulas virtuais habilitadas polo centro e/ou por medio vídeo chamada ou intercambio de grabacións, vídeos e outros materiais. O profesorado programará o repertorio, estudos, escalas... que o alumnado deberá traballar na casa durante a semana e poderá grabar as exemplificacións dos mesmos. Poderase requerir ao alumnado o envío de grabacións do repertorio para o seu seguimento e/ou a asistencia a sesións de clase por medios telemáticos se os medios técnicos o permiten.

3. Atención á diversidade

Debemos considerar a atención á diversidade como aquelas actuacións, medidas ou programas destinados a dar una resposta adecuada a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo para o logro dos obxectivos previstos.

Enfocaremos a atención á diversidade partindo dende o análise da heteroxeneidade do alumnado, no que atoparemos diferencias individuais en canto a intereses, motivacións, ritmos de aprendizaxe, coñecementos previos... Debido a isto cobra especial importancia a avaliación inicial que realizaremos: de forma xeral ao inicio do curso, tratando de coñecer as características individuais de cada alumno/a para identificar o máis prematuramente posible as medidas de atención precisas; e





máis especificamente cada vez que se aborde un repertorio novo co alumno, afinando no posible esas medidas. Igualmente destacable é a coordinación dentro do departamento entre os profesores que imparten esta mesma materia.

No caso de non detectar necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención á diversidade non significativas** serán as seguintes:

Medidas de carácter xeral:

Selección do repertorio atendendo a criterios sociocéntricos (necesidades, intereses, motivacións, posibilidades...).

Establecemento de tarefas de reforzo e ampliación prestando atención aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumno.

Medidas personalizadas:

Alumnado coa materia pendente do curso anterior: maior atención a posibles necesidades do alumno/a e contacto permanente cos pais co fin de establecer unha estratexia adecuada no caso de atoparse dificultades.

Exentos da práctica instrumental de forma temporal (enfermidade, lesión ou outras causas debidamente xustificadas): no caso de alumnos/as que por causa prolongada non poidan participar nun porcentaxe superior ao 50% das sesións, deberán realizar un exame final cas mesmas características que o indicado para os casos nos que o alumnado no puido ser avaliado polo procedemento de avaliación continua . Aqueles que polo motivo que fora non poidan participar puntualmente en algunha das sesións, deberán facerse cargo de coñecer o traballado na clase e, na medida do posible, realizalo na casa, procurando así evitar un perxuízo no ritmo de traballo das seguintes sesións para el mesmo.





Se se detectaran necesidades específicas de apoio educativo dentro do grupo as **medidas de atención a diversidade significativas** reflectiranse nunha adaptación curricular personalizada tendo en conta a opinión dos membros do departamento ao que a materia está adscrito e que poderá seguir diferentes estratexias coma:

Variación da metodoloxía.

Adaptación do material didáctico (repertorio).

Proposta de actividades complementarias e de apoio e cunha dificultade acorde a cada alumno/a.

Maior flexibilidade en canto ao ritmo de traballo.

4. Temas transversais

O tratamento de contidos transversais é imprescindible para a formación integral dos alumnos e alumnas. Representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas co fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade. Son contidos de ensinanza esencialmente actitudinais que responden a problemas e realidades directamente relacionados coa vida cotiá e de actualidade no ámbito social e que pola súa trascendencia demandan un tratamento educativo.

4.1 Educación en valores

A Educación Musical, debido ao seu carácter aberto e participativo, é unha área privilexiada para a incorporación dos temas transversais. En concreto na materia de Violonchelo faremos especial fincapé, entre outros, aos seguintes:

Educación para a igualdade de oportunidades entre ámbolos sexos





Educación para a saúde. Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde. Concienciar ao alumnado do respecto ás medidas hixiénico-sanitarias recomendadas polas autoridades para evitar a propagación e o contaxio do Covid-19 no noso centro. Directrices do Equipo Covid do centro respecto ao acceso ao centro, medidas de hixiene persoal, uso da máscara e limpeza dos espazos das aulas.

Educación para o ocio

Educación ambiental

Educación para a paz

Educación do consumidor

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC s)

Nesta materia, dado o carácter principalmente auditivo, e en algún caso visual, de moitos dos contidos plantexados, o uso das TIC s pode complementar, e mesmo facilitar en boa medida o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Amais da utilización da pizarra electrónica, no caso de dispor dela, é probable que en moitas ocasións se recorra a materiais audiovisuais, tanto videos coma audios, para complementar a modo de exemplos prácticos o tratado en cada unha das sesións de clase. Así mesmo, se se estima conveniente, achegaráselle ao alumnado material en formato electrónico (textos, gráficos, etc.) que poida axudar á comprensión de calquera dos contidos ou poida complementalos. Así mesmo poderase recomendar á escoita de grabacións polos medios dos que se dispoña (Spotify, Youtube...) e tamén poderase facer uso dunha aula virtual da materia, a criterio do profesor.



O profesorado pode facer uso do formato dixital para rexistrar as anotacións das sesións de clase nos cadernos de aula do alumnado mediante un ordenador ou tableta.

Na organización e coordinación de concertos e actividades, utilizarase o sistema de mensaxería das aplicacións móbiles para que a comunicación das instrucións sexa máis inmediata.

Na actual situación de minimización da actividade presencial do alumnado no centro derivada das medidas adoptadas en relación á prevención do contaxio e propagación, o profesorado poderá reforzar os avances do alumnado de violoncello a través de intercambio e visionado de grabacións de vídeo, a través de vídeo chamadas e inclusive de audicións individuais ou colectivas por medios telemáticos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Tradicionalmente, o profesorado de violoncello programa unha serie de actividades cada ano como, audicións técnicas, audicións de repertorio, grupais, recitais con outros instrumentos de corda en espazos fora do centro, cursiños de instrumento, de técnica Alexander ou de ergonomía, conferencias, talleres de luthería, etc. Neste curso, a programación destas actividades, especialmente as referidas ás actuacións en público e/ou con acompañamento de piano, queda condicionada ás posibilidades organizativas do centro dentro das recomendacións sanitarias e do ámbito educativo en relación á minimización do risco de contaxio e propagación do Covid-19.





6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º curso de grao elemental

6.1.1 Avaliación inicial

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre o estado emocional do alumnado, as dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que se considere de especial interese.

6.1.2 Obxectivos para o 1º curso de grao elemental

1. Adoptar unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
2. Adoptar unha correcta posición da man dereita para a utilización do arco e a correcta produción do son.
3. Adoptar unha correcta colocación da man esquerda sobre o violoncello para unha correcta afinación.
4. Aprender as diversas combinacións das notas na primeira posición.
5. Interpretar unha escala de memoria con seguridade, afinación e bo son.
6. Practicar diariamente con pequenos estudos que conteñan só dificultades da primeira posición e golpes de arco básicos.
7. Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflectan os aspectos traballados durante o curso.
8. Interpretar en público con acompañamento de piano ou violonchelo alguna das pezas traballadas nas sesións de clases.
9. Coñecemento das correctas técnicas de estudo do instrumento.





Ensinanza Semipresencial ou non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos imprescindibles que se deben traballar son: todos agás o nº 8

6.1.3 Contidos

Iniciación ós correctos hábitos posturais e de colocación do instrumento.

1. A colocación do instrumento e o contacto correcto co corpo.
2. Produción do son, Concepto de son correcto.
3. Coñecemento das distintas partes do instrumento e do arco.
4. Traballo sobre a man dereita e o correcto sostemento do arco.
5. Utilización das diferentes zonas do arco: metade superior, metade inferior, centro e todo o arco.
6. Pizzicato.
7. Cambios de corda con fluidez e suavidade en tódalas partes do arco.
8. Traballo dos golpes de arco: Detaché, Staccato e Legato ata catro notas e patróns rítmicos.
9. Posición dos dedos e da man esquerda sobre o violoncello
10. Afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
11. Dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
12. Movemento correcto dos dedos evitando desprazamentos innecesarios utilizando as articulacións precisas.
13. Coordinación dos aspectos técnicos da man dereita e a man esquerda
14. Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.
15. Correcta posición da man esquerda en primeira posición do violoncello.
16. Iniciación sobre as extensións en primeira posición.
17. Dinámicas piano, mezzoforte e forte.
18. Traballo sobre as escalas de SOL M e RE M nunha oitava, primeiro en pizzicato e despois con distintos golpes de arco.





19. Traballo sobre a escala de DO M en dúas oitavas, primeiro en pizzicato e despois con distintos golpes de arco.
20. Estudo das demais escalas nunha oitava e cos seus arpexos.
21. Iniciación á improvisación.
22. Utilización da lectura sobre o pentagrama.
23. Desenvolvemento da capacidade memorística.
24. Interpretación en público de cancións sinxelas con especial énfase no repertorio popular.
25. Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico

Ensinanza Semipresencial ou non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos imprescindibles que se deben traballar son: Todos agás nºs: 15,17, 21, 22, 24 e 25.

6.1.4 Temporalización

1º trimestre: Colocación do violoncello e toma do arco. Introducción á colocación da man esquerda e preparación para as escalas e arpexos nunha oitava: Re M, Sol M, en pizzicato. As partes do instrumento e o seu coidado. Como estudar: principios básicos do aproveitamento do estudo. Interpretación de algunhas pezas.

2º trimestre: Divisións elementais do arco: unidades, terzos, arco enteiro. Escalas e arpexos nunha oitava (Sol M, Re M), e Do M en dúas oitavas. Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, preferiblemente de memoria.

3º Trimestre: Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades aprendidas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato. Os cambios de corda e o legato. Preparación de exercicios para estudar no verán con unha planificación clara para que o alumno adquira bos hábitos de estudo.





6.1.5 Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función do axeitamento cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **acesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1. Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
2. Demostrar un grado de asimilación dos aspectos técnicos traballados durante o curso (posición do corpo, mans e instrumento).
3. Interpretar pequenas pezas só ou con acompañamento, e de memoria.
4. Demostrar interese e preocupación pola correcta execución dunha escala e/ou peza musical.
5. Ler pequenos textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
6. Demostrar interese polas características e posibilidades que ofrece o violoncello e as diversas manifestacións do noso entorno.

Mínimos esixibles 1º curso de Grao Elemental

1º Trimestre





- Aprendizaxe da colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Aprendizaxe das partes do instrumento e do arco.
- Man dereita: Aprendizaxe do pizzicato. Aprendizaxe da colocación adecuada sobre o arco.
- Man esquerda: Aprendizaxe da colocación adecuada sobre o batedor.
- Aprendizaxe das notas en primeira posición.
- Interpretación en público de dúas pezas con acompañamento de piano se as condicións sanitarias e organizativas o permiten.

2º Trimestre

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama.
- Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Man dereita: Utilización das diferentes zonas do arco.
- Man esquerda: Colocación adecuada sobre o batedor.
- Interpretación en público de dúas pezas con acompañamento de piano se as condicións sanitarias e organizativas o permiten..
- Traballo sobre a interpretación de memoria dalgunhas pezas.

3º Trimestre

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama.
- Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Man dereita: Traballo sobre a articulación do arco (Detaché e Staccatto)
- Interpretación en público de dúas pezas con acompañamento de piano se as condicións sanitarias e organizativas o permiten..
- Traballo sobre a interpretación de memoria dalgunhas pezas.



Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

Observación directa e seguimento de cada unha das sesións de clase.

Seguimento do grao de estudo do repertorio na casa.

Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.

Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o **profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase** do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta.

A distribución será a seguinte:



1. ACTITUDE FRENTE A MATERIA: asistencia, puntualidade, actitude, organización nas clases e grao de esforzo para aprender os obxetivos e contidos do curso. (10% da cualificación)
2. ESTUDO AUTÓNOMO: calidade, regularidade e grao de esforzo do traballo programado para traballar na casa. (20% da cualificación)
3. DOMINIO TÉCNICO DA MAN ESQUERDA: execución de escalas e estudos en primeira posición que mostren un dominio da colocación correcta da man esquerda sobre o instrumento e do control da afinación. (25% da cualificación).
4. DOMINIO TÉCNICO DA MAN DEREITA: colocación da man dereita no arco, control do paso do arco sobre as cordas, flexibilidade nos cambios de corda, diferentes tipos de arco (Detaché, Stacatto e Legatto) en diferentes velocidades (25% da cualificación).
5. INTERPRETACIÓN: Calidade na interpretación de pezas e estudos individualmente, en grupo e con acompañamento, na clase e nas audicións públicas. Traballo da interpretación dalgunas pezas de memoria, e dalguns fragmentos a primeira vista. (20% da cualificación).

RÚBRICA DE AVALIACIÓN TRIMESTRAL.

	Aínda non competente (1-4)	Competencia básica (5-6)	Competencia media (7-8)	Competencia avanzada (9-10)	Nota ponderada
Actitude fronte a materia: 10%					
Estudo autónomo: 20%					
Dominio técnico da man esquerda: 25%					
Dominio técnico da man dereita: 25%					





Interpretación:
20%

Puntuación final :

Criteria para a concesión de ampliación de matrícula

O procedemento para a solicitude e resolución de ampliación de matrícula pódese consultar nas N.O.F do Centro (dispoñibles na páxina web).

-Criteria para a ampliación de matrícula:

Para a concesión da ampliación de matrícula, o profesor da asignatura realizará unha proba de interpretación dun repertorio na que o alumnado deberán demostrar un dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia.

-Criteria de cualificación para a ampliación de matrícula:

1. Dominio técnico do instrumento e colocación do corpo: (20% da cualificación)
2. Interpretación de escalas e estudos: (30% da cualificación)
3. Interpretación das obras propostas para o curso: (50% da cualificación)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir de 5 a cualificación é positiva

6.1.6 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para os alumnos que suspendan algunha das avaliacións parciais do presente curso, realizarase un plan de traballo específico, baseado na programación didáctica da





materia, que pode constar de novas actividades de reforzo e de avaliación nos aspectos que precisen de mellora. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos en maior medida nos aspectos non superados en trimestres anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. Así pois, no momento no que o alumno ou alumna supere ao longo do presente curso cada un dos obxectivos mínimos esixidos na avaliación ou avaliacións parciais que tivera pendentes, estas consideraranse superadas.

Para os alumnos que teñan a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo mais específico baseado na programación didáctica da materia e nos puntos que necesiten de unha mais grande mellora por parte do alumno ou alumna, e que poderá constar de novas actividades e/ou recursos complementarios, que axuden a reforzar ditos aspectos. Dadas as peculiaridades da aprendizaxe instrumental, o feito de centrarnos nos aspectos non superados en cursos anteriores non ten por que supor unha desviación dos obxectivos xerais do presente curso, pois moitos dos obxectivos e contidos están interrelacionados entre si e o traballo específico sobre calquera deles tamén influe no nivel de consecución dos demais. No momento no que o/a alumno/a supere cada un dos obxectivos mínimos esixidos para o curso que figure como pendente, poderase considerar superado o curso pendente correspondente.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continúa non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua** pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, deberá convocalo para unha única proba (que poderá ter varias partes), de carácter escrita, oral ou instrumental, en función da materia, na semana de





exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba cunha semana de antelación, alomenos.

Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso, o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

A proba consistirá no seguinte:

A) Interpretación de algunhas escalas e/ou arpeخيos, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

B) Interpretación de algúns dos exercicios ou estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor.

C) Interpretación individual das obras programadas para o curso ou trimestre. Non será obrigatorio o acompañamento pianístico para a realización desta proba.

Os criterios de cualificación de dita proba serán os seguintes:

Na avaliación desta proba terase en conta o dominio técnico do instrumento e tamén a corrección interpretativa do ritmo, articulación, afinación, sonoridade, dinámica e fraseo.

1. Dominio técnico do instrumento e colocación do corpo: (20% da cualificación)
2. Interpretación de escalas e estudos: (30% da cualificación)
3. Interpretación das obras propostas para o curso: (50% da cualificación)

A proba valorarase de 1 a 10 no que a partir de 5 a cualificación é positiva



Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superaran a materia no mes de xuño disporán dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma que terá lugar durante a primeira semana do mes de setembro. Nela deberán demostrar o dominio sobre todos os contidos mínimos esixibles do curso correspondente para poder aprobar a materia. Con carácter xeral consistirá nunha única proba co instrumento, o violonchelo, e que constará de tres partes:

- A) Interpretación de algunhas escalas e/ou arpexios, a elección do profesor, e á velocidade e cas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso. O resultado desta parte terá un peso do 30% sobre a nota final da proba.

- B) Interpretación de algúns dos exercicios ou estudos indicados para o curso (mínimos esixibles), a elección do profesor. Os aspectos a ter en conta na avaliación desta parte serán os seguintes: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. Esta parte terá un peso do 35% sobre a nota final da proba.

- C) Interpretación individual de todas ou parte das obras programadas para o curso (tamén poderán ser fragmentos das mesmas), a elección do profesor. Non será preciso acompañamento pianístico para a realización desta proba. Na avaliación desta parte terase en conta o seguinte: dominio técnico do instrumento; corrección rítmica e na articulación; afinación, sonoridade, dinámica e fraseo. O peso desta parte na nota final da proba será do 35%.





En calquera caso, para poder acadar unha cualificación positiva nesta proba, o alumno/a deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso.

6.1.7 Recursos didácticos

Propóñense estas pezas, estudos e métodos pero se poderán utilizar outros de similares características a xuízo do profesor.

- MARTIN, J: I can read music.
- K & D BLACKWELL: Cello time Joggers.
- MARDEROVSKY, L: Lesson in cello playing. Páxinas 8,á 27.
- SUZUKI: Suzuki Cello School. Vol. 1º. Lec: 1,2,3,4,5,6,7,8,9,10,11,12,13,14
- K & D BLACKWELL: Cello timer Joggers Book 1. Ed. Boileau.
- MARTINDALE & CRACKNELL: "Enjoy Playing the cello" Oxford University Press, 1989.
- VIOLONCELLO MUSIC FOR BEGINNERS. Ed Budapest: Vol. 1:
- FEUILLAR, L. : Methode pour le jeune violoncelliste. E. Delrieu. Exercic del 1 al 9.
- SEBASTIÁN LEE: "Le primer pas". Op. 101.(Nº 1 al 5). Alphonse Leduc, 1944
- NELSON.S: Piezas "Rigth from the Start" y "Piece by piece.
- CABO DINTEN: "Iniciació ao violoncel" (DINSIC)
- DISNEY VARIOS: "Easy Disney Favorites". Ed. Hal-Leonard
- MOTATU, D.: "El Violoncello" Iniciación a la música. Real Musical.





6.2 Curso: 2º curso de grao elemental

6.2.1 Avaliación inicial:

Na primeira semana do curso, o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado para recoller datos sobre os obxectivos e contidos do curso anterior que deben ser reforzados por mor da suspensión das clases presenciais no terceiro trimestre. Así mesmo, tamén deberá ter en conta e recoller datos sobre o estado emocional do alumnado, das dificultades que puideran ter a nivel de conexión a internet (por se fose preciso realizar docencia non presencial) e outros aspectos que se considere de especial interese.

6.2.2 Obxectivos para o 2º curso de grao elemental

1. Avanzar cara a unha correcta posición do corpo con respecto ao instrumento.
2. Avanzar cara a unha correcta posición da man dereita para a utilización do arco e a correcta produción do son.
3. Continuar co traballo de colocación da man esquerda sobre o violoncello para unha correcta afinación.
4. Aprender as extensións en primeira posición.
5. Iniciar ao estudo de dobres cordas deixando unha ao aire.
6. Avanzar na interpretación con novos golpes de arco.
7. Interpretar unha escala de memoria en dúas oitavas de extensión con seguridade, afinación e bo son.
8. Interpretar correctamente pequenas pezas musicais que reflectan os aspectos traballados durante o curso.





9. Coñecer as correctas técnicas de estudo do instrumento.

Ensinanza Semipresencial ou non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os obxectivos imprescindibles que se deben traballar son: Todos agás o n.º 5

6.2.3 Contidos

1. Ampliación do traballo de colocación co instrumento e a correcta respiración e relaxación para a interpretación.
2. Afondamento no traballo de amplitude, flexibilidade, limpeza e produción do son.
3. Repaso das distintas partes do instrumento e do arco.
4. Afondamento no traballo sobre a man dereita en aspectos mencionados en cursos anteriores.
5. Ligaduras ata catro notas e combinacións das diferentes articulacións coñecidas.
6. Afondamento nos aspectos de dixitación e coordinacións das dúas mans vistos no curso anterior.
7. Afinación utilizando o oído interno e as cordas ao aire.
8. Dobres cordas cunha ó aire e exercicios de preparación.
9. Primeira posición e técnica de extensións superiores e inferiores.
10. Desenvolvemento do oído interno e aplicación á afinación do violoncello.
11. Dixitación a empregar na lectura dun pentagrama.
12. Ampliación dos recursos para a improvisación.
13. Utilización da lectura sobre o pentagrama.
14. Interpretación en público con acompañamento de piano dalgúns pezas traballadas.
15. Lectura a vista de pequenos fragmentos adecuados ao seu nivel técnico.





- 16.Utilización correcta do arco para a experimentación de novas dinámicas.
- 17.Traballo sobre escalas e arpejos nas diferentes tonalidades e con distintos golpes de arco.
- 18.Estudo das escalas de Do Maior e Re Maior en dúas oitavas; Sol Maior, Fa Maior, Sib Maior, La Maior, Mib Maior e sol menor arpejos nunha oitava de extensión.
- 19.Aplicación correcta e coordinada dos aspectos mecánicos e técnicos do repertorio.
- 20.Adquisición de criterio e capacidade para resolver cuestións técnicas, expresivas e interpretativas.

Ensinanza Semipresencial ou non presencial: no caso de que as circunstancias sanitarias así o requiran, os contidos imprescindibles que se deben traballar son: Todos agás 12,14, 15,16.

6.2.4 TEMPORALIZACION:

1º trimestre: Cómo estudar: a organización do traballo na casa. combinacións sinxelas. Ritmo e sincronización das dúas mans. Exercicios de dobres cordas cunha corda ao aire. Exercicios con ligaduras ata catro notas. Interpretación de algunhas pezas.

2º trimestre: Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. Estructuras formais básicas: ABA, ABCA, ABCB, etc. Traballo técnico sobre as extensións. Escalas dunha oitava con diferentes golpes de arco e valores rítmicos. Interpretación de algunhas pezas.

3º trimestre: Interpretación de pequenas pezas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.





6.2.5 Avaliación

A avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso. Utilizaranse pois procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

Dita avaliación será en todo caso **obxectiva**, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, **transparente**, xa que se aplicarán os criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica, e **accesible**, dado que alumnado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo de todo o proceso de ensinanza – aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1. Realizar o traballo diario proposto polo profesor.
2. Demostrar un grado de asimilación dos novos aspectos técnicos traballados durante o curso (posicións, golpes de arco, etc...).
3. Demostrar sensibilidade á hora de interpretar unha pequena peza a só ou con acompañamento de acordo coas novas dificultades técnicas do curso.
4. Demostrar interese e preocupación pola correcta execución dunha escala ou peza musical.
5. Interpretar con fluidez obras das recomendadas no programa ou de similar dificultade.
6. Ler un pequeno texto a primeira vista con fluidez e comprensión.
7. Demostrar interese polas novas características e posibilidades do violoncello aprendidas durante o curso.





Mínimos esixibles 2º curso de Grao Elemental

1º Trimestre

- Lectura e comprensión da escritura utilizada no pentagrama.
- Correcta colocación do corpo con respecto ao instrumento.
- Man dereita: Distribución e utilización correcta das diferentes zonas do arco na búsqueda dun só de calidade.
- Man esquerda: Aprendizaxe das extensións en primeira posición.
- Traballo de escalas, estudos e pezas que conteñan extensións.
- Interpretación en público con acompañamento de piano se as condicións sanitarias e organizativas o permiten.
- Traballo sobre a interpretación de memoria dalgunhas pezas.

2º Trimestre

- Cambios de corda con fluidez, Ligaduras ata oito notas. Combinacións das diferentes artuculacións do arco.
- Traballo de escalas, estudos e pezas que conteñan extensións.
- Interpretación en público con acompañamento de piano se as condicións sanitarias e organizativas o permiten.
- Traballo sobre a interpretación de memoria dalgunhas pezas.

3º Trimestre

- Adquisición de criterio e capacidade para resolver problemas técnicos suscitados polo repertorio traballado.
- Escalas e arpexios nunha oitava de extensión.



- Utilización correcta da dixitación a emplear nas escalas e estudos propostos.
- Interpretación en público con acompañamento de piano dun Concertino de J. B. Bréval ou unha peza das mesmas características. (en primeira posición) se as condicións sanitarias e organizativas o permiten.
- Traballo sobre a interpretación de memoria dalgunhas pezas.

Procedementos e ferramentas de avaliación

O procedemento xeral de avaliación é o da **avaliación continua**, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados. O Profesor/a valerase das seguintes ferramentas para a avaliación do alumnado:

Observación directa e seguemento de cada unha das sesións de clase.

Seguemento do grao de estudo do repertorio na casa.

Grao de participación e actitude en cada concerto e/ou audición.

Probas puntuais de nivel, individuais ou en grupo, de calquer fragmento do repertorio a petición do profesor, se fose necesario.

Dada a importancia que a observación directa por parte do profesor ten nas ferramentas e procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos por escrito nun rexistro/diario de clase do que será responsable el mesmo co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.





Criterios de cualificación

Dar un valor matemático de modo illado a cada un dos aspectos traballados, e por tanto susceptibles de ser avaliados, nas ensinanzas artísticas non é facilmente aplicable dada a súa interrelación. Por tanto, algúns dos criterios de avaliación fan referencia a bloques de coñecemento avaliados de forma conxunta.

A distribución será a seguinte:

1. ACTITUDE FRENTE A MATERIA: asistencia, puntualidade, actitude, organización nas clases e grao de esforzo para aprender os obxetivos e contidos do curso. (10% da cualificación)
2. ESTUDO AUTÓNOMO: calidade, regularidade e grao de esforzo do traballo programado para traballar na casa. (20% da cualificación)
3. DOMINIO TÉCNICO DA MAN ESQUERDA: execución de escalas e estudos en primeira posición que conteñan extensións e mostren un dominio da colocación correcta da man esquerda sobre o instrumento e do control das extensións e da afinación. (25% da cualificación).
4. DOMINIO TÉCNICO DA MAN DEREITA: colocación da man dereita no arco, control do paso do arco sobre as cordas, flexibilidade nos cambios de corda, diferentes tipos de arco (Detaché, Stacatto e Legatto) en diferentes velocidades (25% da cualificación).
